



O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN ESTÁ ABERTO A TODAS AS REIVINDICACIÓNS DE FETE-UGT PERO NON SE COMPROMETE CON NINGUNHA

Jesús Vázquez confírmalle á FETE-UGT que derrogará o decreto de normalización lingüística.

A Consellería de Educación asumirá o ciclo de Educación Infantil 0-3.

O conselleiro, tamén asume desenvolver nesta Lexislatura unha Lei Galega de Educación.

O Conselleiro non se compromete a reunir a comisión de seguimento do acordo retributivo alegando que necesita saber os recortes orzamentarios que vai ter a consellería de educación, posteriormente falarase do tema, pero adiantou que todos temos que premer o cinto para afrontar a crise.

O conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, recibiu hoxe, día 26 de maio a unha delegación da FETE-UGT, encabezada polo seu Sº Xeral, Mariano García. Ademais estiveron presentes, o Secretario Xeral, José Luís Vázquez e o Director Xeral de centros e recursos humanos, José Manuel Pinal, da consellería, así como Raúl Gómez, Sº do sector de Pública, Gerardo Morano, Sº do sector de Privada, Benjamín Rey, Sº do Sector de Universidade e Ángeles Villarnovo, Sª do sector de Pas da Federación de Ensino da UGT.

Na reunión FETE-UGT presentou unha longa táboa reivindicativa ao Conselleiro e, aínda que foi distendida, foi moi desalentadora, pois o máximo responsable da consellería de educación non se comprometeu con ningunha das reivindicacións presentadas pola nosa Federación, argumentando, sobre todo, tempo e orzamentos, aínda que está aberto a estudar todas as nosas reivindicacións, das que destacamos as seguintes:

FETE-UGT avisou ao Conselleiro de que non permitiría que se lanzasen globos sonda para realizar accións educativas, e moito menos sen pasar pola mesa sectorial, poñendo como exemplo a circular enviada á Inspección sobre o agrupamentos de alumnos, que nin se nos chamou, nin comunicou, nin pasara pola mesa sectorial, coma xa fora denunciado. **Reivindicamos o funcionamento da Mesa Sectorial como órgano participativo de todos os representantes dos traballadores e traballadoras do ensino.**

Xesús Vázquez amosouse aberto á negociación e ao consenso, o cal agradecemos, pero xa posteriormente na Mesa Sectorial, nun previo solicitado por todos os sindicatos para tratar o tema da susodita circular, o Director Xeral de Centros cerrouse en banda á petición das organizacións sindicais de que retirase a circular e que se negociase na Mesa Sectorial, o cal demostra que o Conselleiro amosa boas intencións, pero con poucas ganas de cumprilas.



Á petición de Mariano García, Sº Xeral da FETE-UGT, de que non derogase o decreto de Normalización Lingüística, o Conselleiro non só se negou senón que confirmou que ía ser derogado.

FETE-UGT solicitoulle entón, que o borrador que elaborasen sobre o mesmo fose facilitado previamente para o seu estudo e posterior debate antes de facelo público aos medios, manifestando que a súa idea era esa, ao que lle contestamos que sería o correcto e que esperabamos que fose así.

A Delegación da Federación de Ensino da UGT solicitoulle ao Conselleiro que o ciclo 0-3 anos de Educación Infantil fose considerado de carácter educativo, como promulga a LOE, e que pasase a depender totalmente da Consellería de Educación, petición que asume o Conselleiro e que se cumprirá nun prazo razoable.

Respecto a abrir as negociacións dun novo acordo retributivo para o profesorado, o conselleiro manifestou que nestes intres non podía asumir ningún tipo de negociación retributiva alegando que necesita saber os recortes orzamentarios que se van producir na Consellería de Educación.

FETE-UGT manifestou que non era de recibo esa resposta e que os traballadores e traballadoras do ensino en Galicia están, de novo, nos últimos postos da táboa comparativa con outras comunidades do Estado e que polo tanto esiximos que tería que haber negociacións para chegar a un novo acordo, e que de caso contrario mobilizaríamos ao profesorado.

A continuación expoñemos toda a táboa reivindicativa que presentamos, comprometéndose a estudar todos os temas e en posteriores reunións chegar a acordos.

Lei Galega de Educación.

Decreto de Normalización Lingüística.

- Non estamos de acordo na posible derogación do Decreto 124/2007 de Normalización Lingüística.
- En todo caso, de suceder así, queremos negocialo previo coñecemento, tanto a nivel individual e, por suposto, pasando pola Mesa Sectorial.
- Nós estamos por desenvolver ao máximo o acordo establecido no Parlamento de Galicia por unanimidade. ***O consenso logrado no ano 2004 por todas as forzas políticas debe ser o punto de partida para potenciar a normalización do galego no ensino. A Consellería non pode, nin debe, estar baixo a presión de ningún colectivo e debe ter por norte a defensa do galego na sociedade pero, sobre todo, no ensino.***
- Polo que pedimos potenciar ao máximo o ensino do galego nos centros de ensino.
- ***Podemos establecer un período progresivo partindo dun 50% de mínimos.***
- Máis apoio (económico e humano) para o desenvolvemento do equipo de Normalización Lingüística dos centros. ***Os claustros e equipos de profesores necesitan unha dose de***



motivación para normalizar a lingua. O proceso lectoescritor debe establecerse na linguaxe maioritaria vehicular dos grupos de alumnado.

- Debemos fuxir de imposicións sen xustificación.

Negociación dun novo acordo retributivo, baseado na activación da cláusula de revisión do acordo de 2006.

Educación Infantil (0-3 anos) dependente da Consellería. É un tramo educativo como reconece a LOE, non ten sentido telo fóra de Educación.

Decreto de atención á diversidade.

-Clarificación e estudo na etapa da ESO. Atención á diversidade, Plan contra o fracaso escolar, Plan contra o abandono escolar.

-Catálogos na secundaria

BACHARELATO:

- Revisión do mapa de Bac.

- Bac. Artísticos.

- Revisión de orde de optativas(inclusión de xeoloxía).

FORMACIÓN PROFESIONAL:

- Mapa de formación profesional contando con todos os centros sostidos con fondos públicos.

- Potenciación dos Centros Integrados de FP.

- Centros de Referencia Estatal.

- Plan para aumenta-lo alumnado de FP.

- Dotacións,equipamentos, instalacións.

- Riscos Laborais.

ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL(adaptación ó EEES): Intentarán adaptalas canto antes ao espazo europeo

- Conservatorios

- Escolas de Artes.

- Escola de Restauración

- Escola de Arte Dramático

MASTER DE ENSINO PARA SECUNDARIA. Dependem de Madrid, buscarán solucións.

PROFESORADO INTERINO

- Queremos negociar a estabilidade do profesorado interino con máis de 10 anos de servizos e 45 de idade.

- En todo caso, garantía de traballo para os que teñen máis anos de servizo.

Pago de trienios de oficio con cinco anos de anterioridade a maio de 2007 (xa está aprobado no Estatuto Básico do Empregado Público). En todo caso pago dos atrasos con cinco anos atrás da data de presentación da reclamación (sentenza baseada na lexislación laboral da UE).

- Pago de sexenios aos interinos.

- Dereito a participar na planificación do curso e dos respectivos departamentos.

- Dereito á axuda de vivenda.



OPOSICIÓN

- **Criterios claros sobre a interpretación da orde para os temarios que terán que empregar os aspirantes á OPE 2009**
- **Novas probas de acceso. Os informes. Os méritos.**

PROFESORADO DE RELIXIÓN

Solicitud comisión negociadora Profesorado relixión:

- **FETE-UGT Galicia** viña remitindo escrito ao Secretario Xeral da Consellería de Educación solicitando a formación dunha Comisión negociadora propia para abordar diferentes aspectos laborais e profesionais do profesorado de Relixión, na que estean representados a Administración Educativa de Galicia, os representantes lexítimos do profesorado, así como as respectivas autoridades das confesións relixiosas afectadas. O cambio de goberno motiva que pidamos isto de novo para que teña continuidade.
- **Tamén, negociación urxente da RPT do profesorado de relixión.**

Reactivar o Plan de Convivencia Escolar:

- **No observatorio supoñemos que haberá cambios, que se produzan na maior brevidade posible, para retomar as accións do mesmo.**
- Esta organización, esixe a elaboración dun protocolo de actuación que sirva de folla de ruta para a casuística concreta de conflito escolar.

CALENDARIO DE NEGOCIACIÓN NA MESA SECTORIAL DE TODOS OS TEMAS PENDENTES:

- Todos os temas que afecten ao profesorado deberán pasar pola Mesa Sectorial, incluso antes de envíos de circulares, que o único que provocan é confusión, ademais de incumprir a Lei.
- Agrupamento de alumnos estamos totalmente en contra desa circular, é un paso atrás claro. Rebaixa a calidade do ensino.

Acordo do 20 de outubro de 2005 en Madrid.

Negociación na comunidade dos acordos acadados nesa data:

- Cantidade a aportar pola Consellería (revisión das gratificacións ata acadar o 100% das retribucións de servizo activo) para a xubilación anticipada.
- Redución da xornada lectiva para os maiores de 55 anos ata 1/3 e sen desconto de haberes.
- Desenvolvemento da LOE. Decreto de Educación Infantil
- Garantir o horario para todo o profesorado afectado.

Formación para todo o profesorado e en horario lectivo.

- Revisión da orde de recoñecemento e homologación de actividades (01.03.07). Recoñecemento de homologación para parados. Convenios coas universidades. Homologación universal.
- Aumento considerable dos orzamentos para actividades de MRPs e SINDICATOS.



Outros temas:

Destacar:

- Completar os cadros de profesorado nos centros de primaria segundo acordo asinado.
- Dotación de administrativos nos CEIP.
- Carga lectiva máxima de 18 horas lectivas para o corpo de mestres e 15 para os demais corpos.
- Redución do horario lectivo para os titores e cargos de coordinación docente.
- Diminución da rateo máxima dos grupos de alumnado: 15 en infantil, 20 en primaria e secundaria obrigatoria, 25 en bac. e grupos reducidos en FP e ensinanzas de réxime especial.
- II PLAN GALEGO DE FP.
- Desdobres para clases prácticas, laboratorios, ensinanzas deportivas, conversación en idioma estranxeiro... O alumnado repetidor debe contar na rateo.
- Ano sabático por cada quince anos de servizo.
- Elaboración dun regulamento de organización de centros único que contemple como anexos as distintas ensinanzas.
- Cerrar o mapa de orientación de Galicia. Orientadores en todos os centros completos de infantil e primaria. Un segundo orientador nos centros de secundaria con máis de 500 alumnos.
- Dotación de persoal sanitario e especialista para atender o alumnado con n.e.e..
- Dotación de coidadores e coidadoras a todos os centros.
- Regulación da impartición de afíns.
- Escolarización do alumnado equitativa en toda a rede de centros escolares.
- Novos equipamentos e infraestruturas nos centros de ensino.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2009